

Asunto: nota informativa xerencia_folga 15 de outubro 2025

O día 29 de setembro foi convocada folga para o día 15 de outubro do 2025, polo que se comunica á comunidade universitaria o seguinte:

O seguimento da folga durante a xornada do 15 de outubro realizarase do seguinte xeito:

- Rexistro de sinaturas: O persoal terá a disposición, nas conserxerías do seu centro de traballo ata as 9.00 horas, a folla de seguimento da folga para rexistrar a entrada no centro de traballo mediante a súa sinatura. (véxase arquivo adxunto coa localización dos servizos mínimos de conserxería).
- Ás 9:00h, o persoal de transporte e distribución presentárase nas conserxerías para recoller as follas de control que achegará á Xerencia ou secretaría da vicerreitoría do campus de Ourense ou de Pontevedra, antes das 9.15 horas da xornada, momento no que comezará o recuento do seguimento da folga.
- Durante a xornada da folga, repartiranse as follas de rexistro de saída da quenda de mañá e de entrada da quenda de tarde, que se porán a disposición do persoal para a súa sinatura a partir das 14.25 horas. Igualmente o persoal da Unidade de transporte e distribución pasará a recoller as follas de control que se entregarán na xerencia/secretaría das vicerreitorías ás 15.30 horas.
- O rexistro de saída para a quenda de tarde poñerase a disposición a partir das 21.00 horas, con excepción dos centros de traballo nos que a xornada de tarde ou partida remata ás 18:00h, en cuxo caso estarán dispoñibles a partir das 17:25h.
- Na xornada do día 16, achegaranse á Xerencia, as follas de rexistro dende os campus de Pontevedra e Vigo.
- Os responsables das unidades e servizos comunicarán o día 14 á Xerencia, as persoas que teñan autorizada ou xustificada a súa ausencia con data anterior á data de convocatoria da folga.
- Entenderase que unha persoa participa na folga sempre e cando non tivese asinada as follas de rexistro de presenza, tanto entrada como saída da quenda de traballo. Naqueles casos en que por causa xustificada sobrevida con posterioridade á data da convocatoria ou por imposibilidade constatada de asinar o rexistro de entrada e/ou saída non quedase constancia da asistencia do/da traballador/a ao posto de traballo, este/esta deberá achegar xustificación á xerencia por rexistro oficial no prazo dos 5 días seguintes á data da folga.

Vigo, na data da sinatura dixital

A xerenta

Yolanda T. Lesmes Romero

